

Táboa de avaliación do alumnado

	EXCELENTE	BEN	ACEPTABLE	INSUFICIENTE
Comprensión e selección da información	Toda a información foi comprendida e seleccionouse só o relevante.	A información foi comprendida e a selección é correcta, aínda que se inclúen partes prescindibles.	A información, en xeral, foi comprendida, pero na selección sobran ou faltan contidos.	Erros na comprensión da información. Non se distinguiu o principal do secundario.
Coherencia e cohesión	Os contidos están redactados de xeito lóxico, claro, sen copiar literalmente, ben organizados e enlazados cos nexos e signos de puntuación adecuados.	O contidos están redactados de xeito organizado, aínda que ás veces a redacción é algo confusa. A puntuación non presenta erros graves e os nexos úsanse adecuadamente, aínda que falta variedade.	En xeral, os contidos enténdense, aínda que ás veces se copian literalmente. Algúns erros na puntuación e oracións moi longas ou curtas en exceso. Faltan nexos e/ou téndese á súa repetición.	Contidos non organizados de xeito lóxico, son contraditorios e/ou repítense. Erros graves na puntuación e oracións inacabadas. Repítense sempre os mesmos nexos, non se usan adecuadamente ou faltan.
Adecuación	Emprego dun rexistro formal adecuado. Respéctanse as estruturas de esquema e folleto.	Úsase un rexistro formal, aínda que con algunhas deficiencias. En xeral, mantense a estrutura dos textos solicitados, pero con algúns erros.	Emprego xeral dun rexistro formal, pero mesturado con trazos informais. Bastantes erros na estrutura dos textos.	Utilízase un rexistro totalmente inadecuado. Non se respectan as estruturas de esquema e folleto.
Presentación	A presentación é totalmente correcta. Ademais, está moi traballado o aspecto visual e resulta moi atractivo.	Presentación mellorable, aínda que non incorrecta. Visualmente é un traballo correcto, pero fáltalle atractivo.	Presentación con erros. Traballo claro visualmente, pero apenas ten imaxes ou non son atractivas. Deseño xeral pouco traballado.	Erros graves na presentación que mesmo impiden entender o contido. Non existe contribución persoal no deseño.
Corrección ortográfica, gramatical e léxica	Texto totalmente correcto que, ademais, emprega un léxico variado e preciso.	Texto con poucos erros ortográficos e/ou gramaticais. Vocabulario correcto, aínda que mellorable a variedade e precisión.	Texto con bastantes erros ortográficos e/ou gramaticais. Falta variedade e precisión no léxico.	Texto con moitos erros ortográficos e gramaticais. Léxico repetitivo, impreciso, emprego de moitos comodíns e impropiedades.
Traballo en grupo	Todas as persoas do grupo participan na toma de decisións, reparten e asumen as tarefas sen conflitos. Respéctanse e escóitanse todas as opinións e o traballo final é resultado da colaboración de todos/as.	Algunhas persoas participan pouco na toma de decisións. Repártense e asúmense as tarefas sen grandes conflitos. Respéctase a opinión dos demais e no resultado final do traballo participa o grupo enteiro, pero con máis presenza dalgúns membros.	Conflitos no reparto de tarefas e na toma de decisións. Todos fan o seu traballo, aínda que algunhas persoas se esforzan pouco. Non se ten en conta a opinión de parte do grupo. Cada persoa fai, individualmente, unha parte do traballo final.	Cada membro do grupo quere traballar individualmente e non respecta aos demais. Reparten o traballo sen ter en conta as instrucións ou non fan a súa parte. O traballo final non é froito do traballo conxunto e/ou fáltanlle partes.
Tempo	Realizaron, sen problema, todas as actividades dentro dos prazos marcados.	En xeral, realizaron todas as actividades nos prazos estipulados.	Para realizar algunha actividade necesitaron máis tempo.	Non acabaron a maior parte das actividades dentro dos prazos establecidos.